



# BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

17 de marzo de 2009

Nº 1/09

## METEOROLOXÍA

O inverno que remata resultou ser máis frío do habitual respecto dos valores climáticos históricos de anos anteriores, rexistrándose temperaturas medias nos meses de decembro, xaneiro e febreiro de 1 grao máis baixo do habitual. En canto as precipitacións destacan as producidas no mes de febreiro de xeito copioso. Para a fin de semana prevese un debilitamento do anticiclón, con escasas probabilidades de chuvias, que se restablecerá cara o luns, aínda que o achegamento de aire máis frío manterá o tempo algo variable cun pequeno descenso das temperaturas.

## VIÑEDO

### D. O. Rías Baixas

#### **Estado fenolóxico medio**

**A: Xema de inverno.** Algúns viñedos xa se atopan nos estados B-C (xema inchada-punta verde). As temperaturas rexistradas durante os meses de inverno auguran en principio que na presente campaña vaise producir unha boa diferenciación das inflorescencias, pois a acumulación de horas frío posibilita os cambios fisiolóxicos responsables da floración e frutificación normal, e tamén induce a unha brotación regular e agrupada.



#### **Coidados culturais**

Neste momento hai que **rematar nos viñedos a poda e atado das videiras** aos arames das espaldeiras e emparrados, realizándose todavía en moitos viñedos o atado tradicional co vimbio da especie *Salix alba vitelina*. Na poda do viñedo en plena produción é moi importante deixar un número equilibrado de xemas, o que se estima observando o comportamento das cepas na última campaña. Así, se se observa un importante número de varas desenvolvidas de pouco desenvolvemento e pequeno diámetro (normalmente non alcanzan os 6-7 mm), deberase reducir a carga respecto o ano anterior, e se as varas son moi desenvolvidas e grosas




(arredor de 0,8-1 cm) hai que aumentar a carga. Cando a maioría das varas son de vigor medio, entre 6-10 mm, déixase un número similar de carga determinado polo número de xemas francas.

A disposición dos sarmientos e arquitectura da cepa deberá favorecer un bo reparto vexetativo e anha boa aireación dos órganos para favorecer a sanidade do viñado e a calidade da colleita. En Rías Baixas os sistemas de poda máis comúns nas espaldeiras son a poda larga Sylvoz e, nalgúns casos, tamén a poda curta Royat en variedades menos vigorosas de boa fertilidade nas primeiras xemas francas (espadeiro, mencia, ...). Tanto na poda Sylvoz como nos emparrados emprégase a técnica Guyot de torno de reemplazo e vara de produción. A cantidade máxima de carga admitida nos viñedos acollidos a Denominación de Orixe Rías Baixas son 70.000 xemas/ha.

Nos viñedos xa podados deberanse retirar os restos de poda e eliminala mediante queima controlada, solicitándose antes o permiso da mesma. Os restos de poda sen enfermidades fúnxicas da madeira pódense triturar na mesma parcela cun desbrozador con obxecto de enriquecer o solo en materia orgánica.

Nesta época tamén hai que planificar o abonado de inverno, sendo unha dose orientativa en un viñado de fertilidade media, con acedume moderada (ph entre 6,2-6,8) e para unha colleita potencial de 10 Tn/Ha: 35-45 U.F. de nitróxeno, 25-35 U.F. de fósforo, 70-90 U.F. de potasa e 6-8 U.F. de magnesio.

Para unha maior precisión no abonado en cada parcela recoméndase realizar un análise de fertilidade, ao menos cada tres anos, realizando unha cala de 5-35 cm de



#### **Extracción de terra do solo con sacamostras**

Nestes días deberase estar rematando ou ter rematada a **reposición de marras**, no caso de morte de cepas normalmente causada pola infección da raíz da cepa polo fungo *Armillaria mellea*. As plantas novas débense adquirir co correspondente Pasaporte Fitosanitario que acompaña aos vexetais, especificando o orixe da partida, obtentor, patrón e variedade, lote e demais datos.

profundidade en, ao menos, 10-15 puntos dunha superficie homoxénea, que pode coincidir nunha mesma parcela ou non. As submostras extraídas deberanse mesturar ben, tomando 1kg de terra desta mestura para enviar ao laboratorio cunha etiqueta identificativa do viticultor e a parcela. As mostra pódense enviar ao Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Mabegondo- A Coruña ou á Estación de Areiro en Lourizán-Pontevedra.



Nos viñedos de Rías Baixas está sendo necesaria unha renovación anual media do orde do 1% das plantas, salvo cando o número de plantas afectadas nunha zona determinada do viñado é importante, caso no que é preferible arrincar todas as cepas da área e aplicar as labores e tratamentos oportunos antes de plantalas. Neste caso é necesario solicitar o documento administrativo de arrinque parcial "A" nas Oficinas Agrarias da comarca e, unha vez autorizado, solicitar o documento "P" de plantación.

Co aumento das temperaturas e coa humidade existente no chan, prevese un forte crecemento das herbas nos viñedos polo que **nos próximos días débense controlar mediante os diferentes sistemas de mantemento do solo**, podéndose empregar técnicas de laboreo, mantemento do encespado ou aplicación de herbicidas. É frecuente utilizar un sistema mixto no mesmo viñado (caso típico de laboreo ou encespado entre liñas e aplicación de herbicidas na liña de cultivo durante todo ano) ou diferente técnica en función da época do ano (caso típico de encespado en inverno e laboreo no ciclo vexetativo). En xeral, recoméndase aplicar de forma total ou parcial a cubierta vexetal controlada, pois evita a erosión (moi importante en terrenos con pendente), enriquece o solo en materia orgánica e favorece unha boa aireación e drenaxe do mesmo.

Na aplicación de herbicidas débese ter en conta o modo de acción sobre os diferentes tipos de herbas a combatir nos viñedos, o modo de aplicación e o *status* no Rexistro Oficial de Praguicidas. Neste último caso estanse a avaliar por la unión europea e poden encontrarse nas situacións:

- Incluído no Anexo I - avaliado, sigue rexistrado e pode ser empregado.
- Excluído no Anexo I - produtos que van desaparecer, pero seguen en uso ata que se publique a exclusión coa data límite de comercialización. Salvo que se publique outra cousa, o prazo soe ser de 6 meses despois da data límite de comercialización.
- En estudio - están sendo avaliados e polo tanto pódense empregar mentres que non se publique nada en contra.

### **HERBICIDAS DE PREEMERGENCIA / POSTEMERGENCIA TEMPERÁ**

Débense empregar en solos sen herbas ou recen emerxidas. Para elixir o herbicida é preciso ter en conta a flora dominante na parcela, recomendándose empregarlos con alternancia para evitar resistencias e acumulación dos seus principios activos no solo. Preparados de posible uso na tabla 1 da páxina seguinte.

### **HERBICIDAS DE POSTEMERGENCIA**

**Son de uso máis recomendable** que os anteriores por dous motivos: teñen menor efecto residual e permiten un mellor afianzamento do solo, o que evita os procesos erosivos e a perda da capa superficial do solo máis fértil. Empréganse mediante tratamento vía foliar sobre as herbas existentes. En viñedos xoves débese ter a precaución de non mollar as partes verdes, nin a madeira de menos de 2 anos, nin os cortes de poda para que non se produzan fitotoxicidades sobre as cepas novas. Preparados de posible uso na tabla 2 da páxina seguinte.



Tabla 1. **HERBICIDAS DE PREEMERGENCIA / POSTEMERGENCIA TEMPERÁ**

Materia Activa	Toxic.	Observacións	Situación no Rexistro da UE
glifosato 18% + terbutilazina 34,5 %	Xn	Pre e postemerxencia de herbas non moi dasarroiadas. Non mollar a cepa.	Glifosato incluído en anexo I. Terbutilazina retirada voluntaria (límite comercialización 30/20/2011).
fluometuron 23% + terbutilazina 23%	Xn	Pre e postemerxencia de herbas non moi dasarroiadas	Ambas retirada voluntaria (límite comercialización 30/20/2011).
diflufenican 4% + glifosato 16%	Xi	Pre e postemerxencia.	Incluídos en el Anexo I
diflufenican 4% + oxifluorfen 15%	Xi	Pre e postemerxencia. Non aplicar en cepas de menos de 2 anos.	Diflufenican incluído en el Anexo I. Oxifluorfen retirada voluntaria (límite comercialización 30/20/2011).
flumioxazina 50%	T	Preemerxencia herbas de folia ancha e gramíneas. Banda de seguridade de 15 m a cauces.	Incluído en Anexo I.
oxifluorfen 24% oxifluorfen 48%	Xn/T	Preemerxencia e post temperá. Non empregar en cepas < 2 anos	Oxifluorfen retirada voluntaria (límite comercialización 30/20/2011).
pendimetalina 33%	Xn	Actividade residual. Necesita solo húmido e ben preparado. Control de especies anuais.	Incluído en Anexo I
isoxaben 50%	Xi	Control de herbas de folia ancha. Incorporar mediante labor	Retirada voluntaria (límite comercialización 30/20/2011).
orizalina 48%	Xi	Preemerxencia de herbas anuais mono e dicotiledóneas. Incorporación mediante labor.	Retirada voluntaria (límite comercialización 30/20/2011).
flazasulfuron 24%	xn	Pre y postemerxencia de gramíneas e dicotiledóneas. Mesturable con glifosato ou/ glifosinato.	Incluído en Anexo I.

Tabla 2. **HERBICIDAS DE POSTEMERGENCIA**

Materia Activa	Toxic.	Observacións	Situación no Rexistro da UE
quizalofop-p-etil 5% + quizalofop-p-etil 10%	Xn	Control de gramíneas anuais e perennes en postemerxencia precoz	En estudio
cicloxidim 10%	Xn	Control de gramíneas anuais e perennes.	Retirada voluntaria (límite comercialización 30/20/2011).
fluazifop-p-butil 12,5%	Xn	Control de gramíneas anuais e perennes.	En estudio.
glifosato	Xn/T	Pre e postemerxencia. Non aplicar en cepas de menos de 2 anos. Aplicación dirixida.	Incluído en Anexo I.
glifosato 20% + oxifluorfen 3%	Xn/T	Asociación para o control de herbas anuais.	Incluído en Anexo I.
amitrol 24%+ tiocianato amónico 21%	Xn	Acción sistémica. Control anuais e perennes en crecemento activo. Tempo estable días seguintes aplic.	Incluído anexo I.
glufosinato amonio 15%	T	De contacto. Control anual e perennes. Tempo estable días seguintes a aplicación.	Incluído en Anexo I
oxadiazon 25%	Xn	Control de mono e dicotiledóneas anuais en estado de plántula. Non controla convulvulus (corregüela)	Incluído en Anexo I



### **Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas**

**Iesca** (*Stereum hirsitum* Willd, *Phellinus igniarius* L.) e **Eutipiosis** (*Eutipa lata* Tul). A aploplexía que afectou a algunhas cepas na pasada campaña, e que deberían estar xa marcadas con cintas nos órganos afectados (tal como se recomendou no boletín fitosanitario nº 15/08 da anterior campaña), pódese observar neste momento nos cortes da madeira nas zonas afectadas (presentan un cor pallizo rodeado por unha zona de madeira escurecida).

#### **Recomendacións**

En cepas con síntomas realizar as **medidas profilácticas preventivas da Iesca**: eliminación e separación, nas cepas afectadas, dos órganos con síntomas da enfermidade, deixando unicamente a madeira san. Algunhas cepas recupéranse con brotes deixados o ano anterior na poda en verde a altura dos troncos da cepa (desferracinado). Esas partes afectadas, ao igual que as cepas mortas debido á Armillaria, hai que queimalas solicitándose antes o permiso da mesma. Antes de reanudarse a poda das cepas sans, hai que desinfectar os instrumentos de corte con alcohol ao 70%.

Os cortes grosos de poda recoméndase cubrilos con algún dos produtos que para tal fin poden encontrarse no mercado, como por exemplo:

<b>Materias activas</b>	<b>Tox.</b>	<b>Momento aplicación</b>
<b>Quinosol</b>	Xn-A-A	En pulverización localizada sobre os cortes de poda, inmediatamente despois da mesma.
<b>Tebuconazol + resinas sintéticas</b>	Xi	Con brocha sobre os cortes de poda.
<b>Cubiet</b>	Xn-A-A-B	En pulverización, como tratamento único aos 7- 10 días da poda, mollando ben os cortes e o tronco.

No caso de Iesca en cepas formadas en vaso, hai que abrir o tronco na cabeza da cepa, poñendo unha pedra entre o corte para que non se cerre e deter, así, o avance do fungo na madeira san.



## HORTA

Neste momento **estanse a rematar as plantación nos invernadoiros**. O material vexetal empregado deberá adquirirse acompañado do Pasaporte Fitosanitario, o cal nos debe garantir a ausencia dos seguintes organismos de cuarentena:

TOMATE - *Potato stolbur phytoplasma*, *Cmm*, *Rs*, *Xanthomas campestris pv vesicatoria*, *Pseudomonas solanacearum*, *TSWV*, *PepMV*, *TYLCV* e *Liriomyza sp.*

PEMENTO - *Potato stolbur phytoplasma*, *Rs*, *Xanthomas campestris pv vesicatoria*, *TSWV* e *Liriomyza sp.*

LEITUGA - *TSWV* e *Liriomyza sp.*

PEPINO - *TSWV* e *Liriomyza sp.*

BERENXENA - *Potato stolbur phytoplasma*, *Ralstonia solanacearum*, *TSWV* e *Liriomyza sp.*